



SOFTWARE

## Análise sintáctica multilingüe de textos

Produtos de software que integren algún tipo de procesamento intelixente da información textual. A base de tales procesos estará constituída pola información sintáctica obtida das oracións do devandito texto.

### Áreas de coñecemento:



Artes e humanidades



Enxeñaría e arquitectura

## Estado de protección da tecnoloxía

Tres rexistros de software:

- Compiler for parsing schemata (COMPAS), solicitude C-40-09, asento rexistral 03/2009/445. Titulares: Universidade da Coruña (Carlos Gómez Rodríguez e Miguel A. Alonso Pardo).
- Transition-based dependency parser with buffered transitions, solicitude OU-18-2014, asento rexistral 03/2014/437. Titulares: Universidade de Vigo (Daniel Fernández González) e Universidade da Coruña (Carlos Gómez Rodríguez).
- Transition-based dependency parser with dependency graphs, solicitude OU-19-2014, asento rexistral 03/2014/442. Titulares: Universidade de Vigo (Daniel Fernández González) e Universidade da Coruña (Carlos Gómez Rodríguez).

## Que buscamos?

Búscanse empresas interesadas na licenza desta tecnoloxía.



OTII

OFERTA  
TECNOLÓXICA

📍 Edificio de Servizos Centrais  
de Investigación Campus de  
Elviña, s/n 15071 A Coruña

☎ 981 167 173

🌐 [otri.udc.es](http://otri.udc.es)

## Descrición

A popularización das tecnoloxías da información e Internet deu lugar a un crecemento sen precedentes na escala en que individuos e institucións xeran información, a comunican e acceden a ela. Porén, precisamente debido a tan vasta dispoñibilidade, o aproveitamento efectivo de datos e información constitúe un dos problemas fundamentais das sociedades modernas.

Dado que a forma da maior parte desta información corresponde á linguaxe humana escrita, as tecnoloxías de procesamento da linguaxe natural son un activo chave para atinxir o devandito obxectivo. No seu seo, unha tarefa fundamental constitúea a realización dunha análise sintáctica precisa para así poder extraer e analizar o significado das oracións.




Neste contexto, o grupo LYS desenvolveu ferramentas de análise precisas e veloces, capaces de obter a devandita información sintáctica operando tanto no marco das dependencias sintácticas, máis flexibles, como no dos máis diversos formalismos gramaticais baseados en constituíntes.

## Valores engadidos

No marco da análise de constituíntes, fornecemos un compilador capaz de xerar de maneira automática analizadores sintácticos eficientes a partir dos chamados esquemas de análise sintáctica. Tales esquemas son representacións abstractas e intuitivas, en forma de sistemas dedutivos, dos algoritmos de análise para implementar. O seu uso permítenos abstraernos dos detalles de implementación, así como definir e comparar facilmente diferentes algoritmos entre si.

O noso sistema permite xerar automaticamente, a partir dun destes esquemas, o código correspondente a unha implementación eficiente do algoritmo. O sistema acepta todo tipo de esquemas de analizadores para gramáticas independentes do contexto e gramáticas de adxunción de árbores, e pode estenderse de xeito fácil a outros formalismos gramaticais.

Así mesmo, no marco da análise sintáctica tanto de dependencias como de constituíntes, o grupo LYS está en condicións de proporcionar analizadores sintácticos adestrables para calquera idioma, os cales ben están á par daqueles que constitúen o estado da arte, ben os superan, e que, pola súa superior velocidade, poden ser usados con grandes volumes de datos.



## Aplicacións por sector

Os sistemas e as técnicas de análise sintáctica son chave en toda aplicación dedicada ao procesamento e á análise automática de textos de linguaxe natural. O seu abano de aplicacións é moi diverso: vai desde romper as barreiras do idioma (tradución automática) e encontrar a información requirida (motores de busca, resposta automática a preguntas) a analizar a opinión pública (extracción de opinións), pasando por dixerir grandes cantidades de texto non estruturado en formas máis convenientes (extracción de información, resumo automático) ou incluso servir como soporte a *chatbots* e asistentes virtuais, entre outras aplicacións.



TIC







## Grupo de Investigación

---



## Responsable

---

-  **Carlos Gómez Rodríguez**
-  **Miguel Ángel Alonso Pardo**
-  **Mark David Anderson**
-  **Daniel Fernández González**
-  **Michalina Maria Strzyz**
-  **David Vilares Calvo**